

ENTIDADES FINANCEIRAS PORTUGUESAS EN GALICIA E ENTIDADES FINANCEIRAS GALEGAS EN PORTUGAL¹

XAVIER MARTÍNEZ COBAS

Departamento de Economía Financeira e Contabilidade

Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Universidade de Vigo

Recibido: 24 outubro 1997

Aceptado: 3 abril 1998

Resumo: A intención deste traballo é coñecer en qué medida a integración das economías de ámbolos dous países se verifica na estratexia territorial das súas entidades financeiras. Con esa finalidade describese o marco xurídico comunitario e a estratexia de bancos e caixas e confirmase o valor que as entidades portuguesas lle dan ó mercado galego, así como o que lle dan as entidades galegas ó mercado portugués, áñda que a importancia atribuída nas dúas direccions é moi superior no sur ca no norte de Galicia, como sucede cos lazos económicos.

Palabras Clave: Sistema financeiro / Integración económica.

PORtUGUESE FINANCIAL INSTITUTIONS IN GALICIA AND GALICIAN FINANCIAL INSTITUTIONS IN PORTUGAL

Summary: The aim of this work is to verify the economic integration between Galicia and Portugal through the activity of financial institutions. In order to do that, the legal framework of the European Union and the evolution of territorial strategy of banks and savings banks are analysed. The importance of the Galician and Portuguese markets for the financial institutions is confirmed, but the effect of this is more important for the south of Galicia than for the north of the country, just as it happens to the economic links.

Keywords: Financial system / Economic integration.

INTRODUCCIÓN

Un dos mellores medios de estuda-las relacións económicas entre dous territorios é analiza-lo comportamento das súas entidades financeiras, posto que está ligado ás relacións económicas, ben por intercambios comerciais entre empresas ou ben polo comportamento das familias por razóns de prudencia (o aforro precaución e a diversificación), por razóns fiscais, por compras, por turismo ou por emigración.

Por outro lado, a importancia da cuestión territorial nas entidades financeiras é determinante nas estratexias de expansión, xa que na decisión da apertura de ofici-

¹ Este traballo foi elaborado a partir da colaboración no proxecto de investigación *Proxección económica de Vigo sobre o norte de Portugal* (1996), coordinado polo profesor Xosé Manuel Souto (Universidade de Valencia), e finanziado pola Fundación ProVigo. O devandito proxecto de investigación xa se lle presentou á prensa, pero ata a data non se publicou.

nas bancarias son relevantes os indicadores económicos e sociais dun territorio, así como a súa complementariedade coa estructura actual da entidade².

Este traballo estructúrase do seguinte xeito: en primeiro lugar, verémo-lo novo marco definido pola Unión Europea (UE), especialmente nas operacións das entidades financeiras en países diferentes ó propio. En segundo lugar, verémo-la adaptación das entidades financeiras galegas e españolas³ á nova situación e a estratexia que se segue con respecto a Portugal, de modo que as empresas e as familias galegas saibam qué bancos e caixas, cos que operan con máis frecuencia, teñen axencias e escritorios de representación. En terceiro lugar, a adaptación do sistema financeiro portugués ó marco comunitario e a actitude que adoptan as entidades financeiras portuguesas con respecto a Galicia. Finalmente, á vista do anterior, sacaremos unha serie de conclusións sobre o modo no que se está a produci-la relación financeira entre Galicia e o norte de Portugal e sobre a importancia que as entidades financeiras lle dan a esta.

O NOVO MARCO COMUNITARIO

A Unión Europea⁴, conforme ós obxectivos de converxencia económica e monetaria dos estados membros e para facilita-las relacóns económicas entre estes, preocupouse polas condicións para o exercicio da actividade das entidades crediticias dos países membros da Comunidade. A lexislación básica está recollida na segunda Directiva de coordinación bancaria (89/646), e foi adaptada na lexislación española coa Lei 3/1994, do 14 de abril, e na lexislación portuguesa co Regime Geral das Institucións de Crédito e Sociedades Financeiras (DL 298/92, 31.12).

Os principios que regularon o exercicio da actividade financeira son semellantes ós de calquera outra actividade económica. Destacámo-lo principio da liberalización, tanto en cada sistema financeiro doméstico, procurando unha maior independencia de criterio das entidades con respecto ós estados (pero baixo o control das autoridades monetarias), como coa desaparición de barreiras no exercicio da actividade noutras estados, de xeito que a barreira que queda é o risco de cambio que desaparecerá coa moeda única.

Outro principio aplicado é o da harmonización, de modo que basicamente as entidades están suxeitas a ofrecer unha información homoxénea, ter auditorías externas anuais, cubrir unha ratio mínima de solvencia, etc. Aínda así, temos dife-

² Os traballos de Thoraval e De Vimal (1984), de Tonnel-Martinache (1985 e 1987), e de Goux (1993 e 1994) son, entre outros, representativos deste enlace entre economía financeira e xeografía económica.

³ O peso que ten en Galicia e Portugal a banca española fai conveniente coñece-lo comportamento desta para ter unha perspectiva completa do fenómeno.

⁴ Para ter unha visión conxunta dos sistemas financeiros particulares dos estados da Unión Europea, o traballo de Parejo, Calvo e Paul (1993) recolle os sistemas financeiros da Europa dos doce.

rencias apreciables nalgúns campos, como a natureza xurídica das caixas de aforros ou o tratamento fiscal dos beneficios das entidades financeiras, entre outros.

No exercicio da actividade financeira a segunda Directiva de coordinación bancaria establece un réxime común, denominado o "pasaporte comunitario". Este permite a libre instalación e prestación de servicios dentro da Unión Europea. Segundo a análise que fan Cuervo *et al.* (1996), podemos dividir ese réxime común en cinco apartados, que son:

- A creación en España de novas entidades de crédito españolas e o establecemento no Estado de sucursais de entidades de crédito non autorizadas nun stado membro da UE.
- A apertura de novas oficinas en territorio do Estado de entidades de crédito es-pañolas.
- A apertura de sucursais e a libre prestación de servicios noutros países comunitarios polas entidades de crédito españolas.
- A apertura de sucursais e a libre prestación de servicios en países non comunitarios polas entidades de crédito españolas.
- A apertura de sucursais e a libre prestación de servicios en España polas entida-des de crédito doutros estados membros da UE.

Dada a finalidade deste traballo, comentaremos exclusivamente os apartados terceiro e quinto, xa que o terceiro afecta ás entidades galegas que queren desenvolver servicios bancarios en Portugal e o quinto ás entidades portuguesas que queren traballar en Galicia.

A APERTURA DE SUCURSAIS E A LIBRE PRESTACIÓN DE SERVICIOS EN PORTUGAL POR ENTIDADES ESPAÑOLAS

Cando unha entidade de crédito española quere abrir unha sucursal en Portugal, debe remitirlle ó Banco de España unha solicitude que inclúa o programa de actividades coas operacións que se pretenden realizar e a estructura da organización da sucursal, así como o nome e o historial dos directivos responsables da sucursal. O Banco de España resolverá no prazo máximo de tres meses a partir do envío de toda a información anterior, e só poderá resolver negativamente nos seguintes ca-sos:

- Que o programa de actividades recolla algunas non autorizadas para a entidade.
- Que o Banco de España teña motivos para dubidar da situación financeira da en-tidade ou do axeitado da súa estructura administrativa.

Se o Banco de España emite informe favorable, comunicaralle ó Banco de Portugal a entrada da entidade financeira no seu país e subministraralle a informa-ción que recibiu da entidade financeira á que lle autorizou a apertura.

Cando a entidade de crédito queira traballar por primeira vez en réxime de libre prestación de servicios, deberá comunicarollo previamente ó Banco de España, que terá un mes para trasladarlle a petición ó Banco de Portugal (quérese dicir, á autoridade supervisora do estado membro para o que se solicita).

As sucursais das entidades españolas en Portugal quedan suxeitas á lexislación bancaria portuguesa, así como á supervisión do Banco de Portugal.

A APERTURA DE SUCURSAIS E A LIBRE PRESTACIÓN DE SERVICIOS EN ESPAÑA POLAS ENTIDADES DE CRÉDITO PORTUGUESAS

Para traballar en España as entidades de crédito portuguesas ou doutro estado membro da UE teñen que segui-los mesmos pasos cás entidades financeiras españolas para exerce-la súa actividade noutro estado da UE, como vimos no apartado anterior.

No caso de apertura de sucursais polas entidades autorizadas en Portugal, non precisan autorización previa do Banco de España, nin dotación específica de recursos. O Banco de Portugal, tras autoriza-la entidade do seu país para que abra oficinas en España, comunicalle ó Banco de España esa apertura, coa mesma información que vimos no apartado anterior.

Cando o que queiran as entidades portuguesas sexa exercitar unha ou varias das actividades en réxime de libre prestación de servicios por primeira vez, actuarán como as entidades españolas no apartado anterior e poderán comezar a traballar en canto o Banco de España reciba do Banco de Portugal a comunicación das actividades que pretendan realizar.

O anterior é tamén aplicable no caso de establecementos financeiros que non sexan entidades de crédito⁵ e que queiran traballar no outro estado, sempre que cumpran unha serie de condicións⁶.

ADAPTACIÓN DAS ENTIDADES FINANCIERAS ESPAÑOLAS E GALEGAS E ESTRATEGIA CON RESPECTO A PORTUGAL

Dividimos este apartado en dúas partes. Primeiro, verémo-la actitude que adoptan as principais entidades financeiras españolas con sede social fóra de Galicia. En segundo lugar tratarémo-las entidades de crédito galegas, entendendo por galegas as que teñan sede social en Galicia, aínda que pertenzan a grupos financeiros de orixe foránea. Faremos unha excepción co Banco Simeón, que recibirá un trato á parte.

⁵ Considéranse entidades de crédito os bancos, as caixas de aforro e as cooperativas de crédito.

⁶ Entre outros requisitos, estes establecementos financeiros deberán estar controlados por entidades de crédito do mesmo estado membro, terán un réxime xurídico que lles permita realizar esas actividades en España, deberán exerce-la mesma actividade ca no país de orixe, teñen que demostrar que realizan unha xestión prudente dos recursos, terán a responsabilidade solidaria das entidades de crédito que as apoian e serán obxecto as dúas dunha supervisión sobre base consolidada.

AS ENTIDADES FINANCEIRAS ESPAÑOLAS

O conxunto das entidades financeiras españolas vive hoxe en día a adaptación ó proceso de liberalización integral do sistema financeiro. Este proceso comezou a desenvolverse a partir dos anos setenta e acelerouse coa entrada na CE e posteriormente coa libre circulación de persoas, mercadorías, servicios e capitais polo espazo comunitario.

O punto de partida é coñecido por todos. Na banca privada funcionaba o "status quo" determinado polo peso dos sete grandes bancos, afeitos a non competir entre eles polo mercado. A especialización forzosa entre banca industrial e comercial e entre as posibilidades de actuación dos bancos e das caixas de aforro impedían áinda máis o exercicio da competencia. No caso das caixas, a imposición de coeficientes de investimento obligatorio e as limitacións no financiamento ás empresas e na expansión territorial encerrábanas no financiamento do INI, da débeda pública e nos créditos ás familias, preferentemente hipotecarios. As cotas de mercado das entidades fan máis en función do número de sucursais que se lles permitía abrir ca na oferta dos mellores produtos e servicios.

Nos últimos vinte anos o sistema financeiro cambiou radicalmente e asistimos á liberalización e á modernización dos productos, dos mercados e das entidades financeiras, nun proceso que ten como próximo paso a moeda única. Os banzos seguintes no proceso son tamén coñecidos: procesos de fusión para aumenta-la dimensión de bancos e de caixas, pasando de sete a catro grandes bancos, (Santander incluíndo Banesto, Bilbao Vizcaya, Central Hispano e Argentaria) e de setenta e cinco a cincuenta e unha caixas de aforro; aumento da competencia entre activo e pasivo e reducción das marxes, que se compénse parcialmente co cobro de comisións; aumento da presencia da banca doutros países; desregulamentación da actividade bancaria; non-intermediación financeira, de xeito que os axentes económicos procuran resolver directamente as súas necesidades de capital ou a colocación do aforro para eliminar os custos dos intermediarios financeiros; aparición de novos produtos financeiros ou expansión masiva doutros que xa había, como as participacións en fondos de investimento; modernización tecnolóxica, coa incorporación xeneralizada da informática, dos caixeiros automáticos, das tarxetas de crédito, etc. Como consecuencia do anterior o sistema financeiro fixose máis competitivo e gañou en eficiencia.

As entidades financeiras españolas apostaron de formas diferentes en Portugal, do mesmo xeito ca noutros países⁷. En todo caso, todas buscaron estar presentes ou establecer alianzas estratégicas coa banca portuguesa. A entrada na CE disparou as relacións económicas entre os dous estados e favoreceu a converxencia económica deles. Isto e a proximidade xeográfica animaron a banca española a

⁷ Para unha visión global da saída ó exterior da banca española poden consultarse, entre outros, os traballos de Berges, Ontiveros e Valero (1990), Castelló (1996), Durán e Lamothe (1991) e Martín e Valero (1995).

entrar en Portugal, o que unido á compra de empresas e propiedades portuguesas provocou un debate público neste país, semellante ó producido en España coa compra masiva de empresas por parte doutros países da Comunidade. No cadro 33 recollémo-los principais bancos. Todos teñen filiais ou sucursais en Portugal ou ben acordos estratéxicos de cooperación, como veremos no cadro 1.

O banco español que mantén unha maior presencia é o Santander, co banco filial Banco de Comercio e Industria (BCI). Nos datos do 31/12/94 conta con 102 oficinas e sitúase no posto 14º do total da banca que opera en Portugal, clasificación que ascende ó 10º se agrupámo-los bancos filiais das principais entidades financeiras con estas. Por volume de depósitos o lugar que ocupa é o 17º, con 177.539 milleiros de contos⁸. E finalmente, por activo líquido o lugar que ocupa é o 16º, con 352.210 milleiros de contos.

Un caso que merece un comentario á parte é o de Banesto, actualmente parte do grupo do Santander. Banesto, na etapa na que estaba dirixido por Mario Conde fíxose co 50% do capital do Banco Totta e Açores, terceiro por volume de activo líquido da banca portuguesa. A operación, semellante á que supoñería en Madrid a compra do BBV ou do Central Hispano por unha entidade doutro estado, causou un forte impacto. Coa intervención de Banesto levada a cabo polo Banco de España o 28/12/93 e a posterior compra que realizou o Santander, o banco foi revendido ó grupo financeiro portugués de António Champalimaud en 150 millóns de contos⁹, renunciando a unha rede extensa (268 oficinas), para facer banca universal en Portugal. De tódolos modos, o Banco Santander podería reinvestir parte dese diñeiro en amplia-la rede do BCI.

Cadro 1

<i>Bancos con filiais ou sucursais</i>				
<i>Banco</i>	<i>Nº sucursais</i>	<i>Persoal</i>	<i>Créditos</i>	<i>Depósitos</i>
B. Santander	102	1.321	169.848	177.539
BBV	56	545	82.119	118.816
Argentaria	15	137	36.886	33.701
B. Sabadell	1	9	1.607	454

<i>Bancos con acuerdo estratéxico</i>		
B. Central Hispano	co	B. Comercial Português
B. Popular Español	co	B. Pinto & Sotto Mayor

Datos do 31/12/94. Créditos e depósitos en millóns de escudos.

FONTE: *Exame*, (agosto, 1995).

Un banco español cunha forte presencia é o BBV. Segundo os datos do 31/12/94 ten 56 oficinas, sitúase no posto 17º do total da banca en Portugal polo

⁸ 1 milleiro de contos equivale a 1 millón de escudos.

⁹ 150.000 millóns de escudos.

número de sucursais e é o 13º se considerámo-la escala por grupos financeiros. Por volume de depósitos o lugar que ocupa é o 19º, con 118.816 milleiros de contos, e por activo líquido o posto é o 22º, con 233.670 milleiros de contos. A prensa económica portuguesa¹⁰ recolle a intención de amplia-la súa cota de mercado e de situala no 5 ou no 6% do sector bancario portugués en 1997, para o que podería amplia-la rede de sucursais ata 200.

Outro dos grandes grupos, Argentaria, está presente a través do Banco Exterior, que na mesma data tiña 15 oficinas en Portugal, co posto número 23º por este concepto. Se o criterio aplicado é o volume de depósitos, o lugar que ocupa é o 28º, con 33.701 milleiros de contos, e se é o activo líquido sitúase no posto 34º, con 77.527 milleiros de contos. Tamén aquí a intención parece se-la de amplia-la rede, pasando de 15 a 45 oficinas nos próximos anos.

Finalmente, o outro gran banco privado español, o Central-Hispano (BCH), escolleu unha estratexia diferente á dos anteriores. Aínda que comezou abrindo unha oficina en Lisboa, a alianza co Banco Comercial Portugués (BCP) —intercambiaron participacións de capital¹¹—, determinou o peche da oficina aberta e canalizáronse as operacións en Portugal dende o BCP.

A situación do Banco Popular Español é relativamente semellante á anterior, xa que foi o primeiro aliado do BCP. Participaba no capital deste co 1,5% do total e comparten a partes iguais a propiedade do banco francés Banco Comercial Popular¹², que ten como clientes principais os emigrantes portugueses e españoles en Francia. Dado o actual acordo con o BCH, a alianza entre o Banco Popular e o BCP mantense tan só en Francia¹³, e o Banco Popular ten un novo aliado portugués: O Banco Pinto & Sotto Mayor, de xeito que este ten unha oficina en Madrid e o Banco Popular outra en Lisboa, e realizan as operacións dende as sucursais de cada banco, usando a rede portuguesa en Portugal e a española en España.

Por último, o Banco de Sabadell —un dos bancos medianos no sistema financeiro español— ten tamén unha oficina con escaso movemento, xa que a súa entrada no mercado portugués se produciu no exercicio 94, polo que ocupa o último lugar da escala da banca portuguesa (46º), co volume do activo líquido a 31 de decembro dese ano.

¹⁰ *Exame* (xuño, 95).

¹¹ O acordo de intercambio de accións debeuse, polo lado portugués, á venda dun paquete de accións do 15% do capital por parte do grupo Amorim e por parte española ó cambio de dirección do BCH, xa que Alfonso Escámez se negara en 1992 a unha operación de compra na que o BCH non acadase a maioría. Pola contra, Amusátegui aceptou unha participación do 10%, valorada en aproximadamente 22 millóns de contos. O BCP fixose co 2% do BCH por 15 millóns de contos e co 50% do Banco Banif-Gestión Privada, actualmente chamado Banif Banqueros Personales, por 7,5 millóns de contos.

¹² Para ser precisos, os dous bancos intercambian unha pequena parte do capital cada dous anos, xa que a legislación francesa impide a posesión dunha entidade bancaria a partes iguais.

¹³ O BCP tiña mesas de negocio nas oficinas do B. Popular que foron pechadas tralo acordo co BCH.

AS ENTIDADES FINANCEIRAS GALEGAS

A evolución do sistema financeiro en Galicia foi simultánea á española e á portuguesa, cos efectos xa enumerados anteriormente, aínda que é razoable pensar que se manifestan dun xeito máis rápido entre os clientes con maior capacidade financeira e nas áreas urbanas. No mundo rural —sen caer na tentación de presentar o rural e o urbano como dous mundos independentes— o trato persoal e a confianza, así como o menor número de entidades implantadas, seguen a ser máis determinantes cá rendibilidade final dos productos.

Se entendemos entidades de crédito galegas como aquelas que teñen a sede social en Galicia, estas suman un total de dez: cinco bancos, catro caixas de aforro e unha cooperativa de crédito, das que se recollen os datos básicos nos cadros 2 e 3.

Sen entrar nun estudio en profundidade destes datos¹⁴, salientamos como máis relevantes os seguintes:

- O volume de activo total, créditos e depósitos supón unha cantidade apreciable de recursos, aínda que non todos son intermediados en Galicia, nin tódolos recursos financeiros galegos son intermediados por estas entidades.
- O importe dos créditos concedidos é bastante inferior ó dos depósitos captados en todos eles, sendo isto un trazo tradicional do sistema financeiro galego, o que supón que só se emprega unha parte do diñeiro dispoñible para créditos a clientes, e as entidades colocan o diñeiro no mercado interbancario, en títulos de débeda pública ou en créditos noutros territorios.
- As caixas de aforro teñen maior participación en activos, créditos, depósitos, beneficios e oficinas. Pola contra en número de empregados o Banco Pastor fai que o persoal en nómina sexa maior nos bancos.
- A entidade líder é Caixa Galicia, seguida do Banco Pastor. No conxunto da Península Ibérica son entidades de tamaño medio. O resto manteñen unha forte presencia en Galicia, más acusada nas caixas de Vigo, Ourense e Pontevedra, que teñen un bo número de oficinas nas súas áreas de influencia.
- Agás os bancos Pastor e Etcheverría, os outros dependen doutras entidades de crédito. O Banco de Galicia, con sede social en Vigo, é parte do grupo do Banco Popular Español e o Banco Simeón, tamén coa central en Vigo, e era ata hai pouco do grupo Argentaria, que llo vendeu á Caixa Geral de Depósitos. No tocante ó Banco Gallego, antes Banco de Crédito e Inversiones, pasou do grupo Central Hispano ó Banco 21, entidade da que son copropietarios varios empresarios galegos, entre outros accionistas. O peso da Fundación Barrié no capital

¹⁴ Un estudio sobre o sistema financeiro e as consecuencias sobre o desenvolvemento económico galego é o informe de Castañón, Martínez Cobas e Rojo (1995).

do Banco Pastor e a actual natureza xurídica das caixas de aforro e da caixa rural garanten o control galego do resto das entidades.

- O poder financeiro está centrado territorialmente no norte de Galicia. As dúas maiores entidades teñen a sede social na Coruña, namentres que no sur de Galicia a dispersión de poder das caixas e a dependencia do banco de Galicia e do Banco Simeón diversifican as decisións financeiras e non financeiras, co que isto significa de positivo e de negativo.

Cadro 2.- Datos básicos das entidades crediticias galegas (en millóns de pesetas, 31/12/94)

	<i>Activos</i>	<i>Créditos</i>	<i>Depósitos</i>	<i>Bº neto</i>
<i>Bancos</i>				
Banco Pastor	1.306.191	410.986	738.644	5.234
Banco de Galicia	210.435	122.368	171.883	3.755
Banco Gallego	150.737	40.768	116.317	627
Banco Simeón	110.285	55.514	90.247	1.303
Banco Etcheverría	17.336	7.141	15.240	94
Total bancos	1.794.984	636.777	1.132.331	11.013
<i>Caixas de aforro</i>	1.171.958	601.711	994.287	12.206
Caixa Galicia				
Caixavigo	498.394	234.780	365.404	2.918
Caixa Ourense	202.580	75.440	174.751	1.698
C. Pontevedra	164.028	98.142	132.383	1.132
Total caixas	2.036.960	1.010.073	1.666.825	17.954
<i>Coop. de crédito</i>	16.795	5.606	14.285	199
Caixa Rural de Lugo				
TOTAL	3.848.739	1.652.456	2.813.441	29.166

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da Confederación Española de Cajas de Ahorros, da Asociación Española de Banca e das memorias das respectivas entidades.

Cadro 3.- Datos básicos das entidades crediticias galegas (en millóns de pesetas, 31/12/95)

	<i>Oficinas</i>	<i>Emplegados</i>	<i>Sede social</i>	<i>Pertenza a</i>
<i>Bancos</i>				
Banco Pastor	433	3.429	A Coruña	Independente
Banco de Galicia	127	707	Vigo	B. Popular
Banco Gallego	153	673	A Coruña	Banco 21
Banco Simeón	58	389	Vigo	Caixa Geral Dep.
Banco Etcheverría	11	54	A Coruña	Independente
Total bancos	782	5.252		
<i>Caixas de aforro</i>				
Caixa Galicia	511	2.691	A Coruña	Independente
Caixavigo	199	1.136	Vigo	Independente
Caixa Ourense	126	635	Ourense	Independente
C. Pontevedra	116	592	Pontevedra	Independente
Total caixas	952	5.054		
<i>Coop. de crédito</i>				
Caixa Rural de Lugo	28	69	Lugo	Independente
TOTAL	1.762	10.375		

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da Confederación Española de Cajas de Ahorros, da Asociación Española de Banca e das memorias das respectivas entidades.

A estratexia seguida polas entidades financeiras galegas na súa relación con Portugal está, a diferencia do visto con algunas grandes entidades españolas, caracterizada pola non existencia de bancos filiais portugueses que sexan propiedade de bancos ou caixas galegos, así como pola baixa presencia de oficinas abertas. Aínda que a menor dimensión das entidades galegas con respecto ás grandes españolas ou portuguesas limita as posibilidades de expansión, non debemos despreciar os recursos dos bancos ou das caixas, que teñen noutros países europeos oficinas de representación.

O procedemento que imos seguir será o estudio, para cada caso, da estratexia seguida na apertura de oficinas nos anos noventa, comparando isto coa presencia en Portugal, o que, ademais de comprobar se se produce, permitirános saber ata qué punto se valora na expansión de cada entidad.

Comezando polos bancos, e de maior a menor dimensión, o primeiro é o Banco Pastor, que non ten ningunha sucursal nin escritorio de representación abierto en Portugal. Se comparámo-lo dato co número das sucursais que ten na actualidade (433), vese que non é a dimensión o que determina a renuncia a ese mercado. Ademais diso, un estudio máis detallado da evolución no número de axencias nos anos 90 (adro 36) permite confirmar que o número de oficinas vai en aumento e que o banco está presente no estranxeiro con sucursais ou oficinas de representación¹⁵.

As relacóns bancarias con Portugal canalízanse preferentemente a través do uso de bancos portugueses "correspondentes" do galego, de xeito que, por exemplo, as transferencias comerciais realízanse dun modo máis rápido se o cliente ten conta neses bancos. Na actualidade son correspondentes do Banco Pastor os seguintes: O Banco Espírito Santo, o Banco Português do Atlántico, o Banco Nacional Ultramarino, o Banco de Fomento Exterior, o Banco Pinto & Sotto Mayor, o Banco Mello, o Banco Internacional de Crédito e o Montepio Geral, todos eles en Lisboa, e o Banco Borges & Irmão do Porto.

Cadro 4.- Número de oficinas operativas dos bancos galegos

	1991	1992	1993	1994	1995
Banco Pastor	402	415	421	428	433
Banco de Galicia	120	120	124	126	127
Banco Simeón	54	60	60	58	58
Banco Gallego	155	155	157	156	153
Total	731	750	762	768	771

FONTE: Elaboración propia a partir das memorias das entidades.

¹⁵ O Banco Pastor ten dúas sucursais en París e oficinas de representación en Bos Aires, Caracas, Frankfurt/Main, Xenebra, Londres, México, Rio de Xaneiro e Rotterdam. A fonte é a memoria do banco.

Finalmente, participa co 50% do capital nas sociedades Peninsular de investimentos e Peninsular de financiación, ámbalas dúas coa sede en Portugal.

O segundo dos bancos privados, o Banco de Galicia, é parte do grupo Banco Popular Español, e como ten a alianza co Banco Pinto & Sotto Mayor realiza as súas operacións en Portugal con este. O grupo Popular reserva a marca Banco de Galicia para o mercado galego, no que mantén a rede de oficinas.

O terceiro, o Banco Gallego, tampouco está presente en Portugal. Xogarían na xustificación os factores achegados para o Banco Pastor, ademais dunha menor dimensión do Banco Gallego. As operacións con Portugal tamén se realizan preferentemente a través de bancos correspondentes, sendo estes as oficinas en Lisboa do Banco Totta & Açores, do Banco Espírito Santo e do Banco Nacional Ultramarino. No tocante ó Banco Etcheverría vale o dito para os anteriores. A súa escasa dimensión —11 oficinas— determina totalmente á entidade, que ademais está entrando na órbita de influencia de Caixa Galicia¹⁶.

No caso do Banco Simeón, dado que é a operación de máis importancia neste estudio, deixámolo a análise para cando falemos da estratexia da Caixa Geral de Depósitos, que é a compradora do banco.

Como resumo, vemos que ningún dos cinco bancos con sede social en Galicia apostou ata o momento por ter unha presencia operativa con sucursais no mercado financeiro portugués. Os tres con sede social na Coruña prefiren traballar con bancos correspondentes, e dos dous con sede social en Vigo, un participa do pacto do grupo Popular (o Galicia) e o outro mercouno unha entidade financeira portuguesa (o Simeón).

As caixas de aforro parecen interesadas nun maior grao polo mercado portugués. Como fixemos cos bancos, analizámolo o comportamento de cada unha de maior a menor segundo a súa dimensión (adro 37).

Cadro 5.- Número de oficinas das caixas de aforro galegas

	1990	1991	1992	1993	1994	1995
Caixa Galicia	414	421	483	493	508	511
Caixavigo	190	194	197	198	199	199
Caixa Ourense	107	108	108	108	112	117
Caixa Pontevedra	89	95	101	106	106	116
Total	800	818	889	905	925	943

FONTE: Elaboración propia a partir das memorias das entidades.

A primeira delas, Caixa Galicia, converteuse na entidade líder do sistema financeiro galego. Ten unha gran cota de mercado nas catro provincias, pero é supe-

¹⁶ O Banco Etcheverría asinou un protocolo de colaboración con Caixa Galicia para a xestión dos seus medios de pagamento.

rior na Coruña e Lugo¹⁷. Logo de consolida-lo seu liderado en Galicia durante os anos 80, a expansión nos 90 leva á caixa a estender a súa presencia por todo o Estado, na liña do que fan La Caixa ou Caja Madrid. Así, a absorción da Caja Rural de León, a compra de nove sucursais da rede do Banco de Fomento en Levante, ou o acordo de compra de 52 sucursais do Banco Urquijo, son os pasos máis fortes nesa dirección.

A política da caixa fóra de España foi semellante á do Pastor, abrindo oficinas de representación en sitios onde a acumulación de capital dos emigrantes era elevada e practicando, polo tanto, o que se denomina "banca étnica". Aínda así, o interese por Portugal levou á entidade a abrir unha oficina de representación no Porto e a estudar-la opción de compra de redes de oficinas doutras entidades en Portugal, sen que ata ese momento se formalizara ningunha compra.

Da expansión de Caixa Galicia deducímos a súa intención de consolidarse como outra entidade financeira de tamaño medio no contexto do sistema financeiro español, como sucede co Banco Pastor, pero neste caso incluindo Portugal. Ademais da oficina aberta, ten como correspondentes a Caixa Geral de Depósitos¹⁸ e o Banco Pinto & Sotto Mayor.

A segunda das caixas en canto á súa dimensión, Caixavigo, aumentou o número de oficinas de xeito más moderado cá anterior. Coas últimas aperturas está cubrindo as principais vilas e cidades galegas e parece buscar unha ampla cobertura de oficinas en Galicia, que sería o seu mercado natural.

No tocante á súa relación con Portugal, Caixavigo si parece ter apostado por este mercado. Despois de manter un escritorio no centro do Porto, acordou transformalo nunha sucursal, que abriu as súas portas a finais de 1996. Ademais, en declaracions públicas a dirección da caixa manifestou a súa intención de ir abrindo novas oficinas en vilas nas que a relación con Galicia é elevada, como Lisboa, Braga ou Viana do Castelo.

A terceira, Caixa Ourense, tamén aumentou moderadamente o número de oficinas nos anos 90, abrindoas en vilas e cidades galegas, como Caixavigo. Destaca, de todos modos, o grao de concentración da rede na provincia de Ourense e o importante volume de recursos captados de aforro emigrante a través da xestión dos directores de sucursais nos lugares de orixe dos emigrados. Fóra de Galicia non abriu oficinas, Portugal incluído, agás a de Madrid.

Por último, a Caixa Provincial de Pontevedra, que de partida era a máis pequena das catro, acurtou distancias cunha grande expansión da rede de sucursais. Como as dúas anteriores, estas aperturas producironse en vilas e cidades galegas, saíndo do territorio provincial. Fóra de Galicia e Madrid non tiña representación

¹⁷ O que é normal se temos en conta que naceu como fusión das caixas de aforro da Coruña, Santiago, Ferrol e Lugo.

¹⁸ Coa Caixa Geral de Depósitos a relación foi maior, coparticipando Caixa Galicia co Banco Luso Español (filial da C.G.D.) en créditos sindicados. Cando a CGD mercou o Banco Simeón a relación diminuíu.

ata que comprou sete oficinas do Deutsche Bank en España. Ademais, tamén parece apostar polo sur do Miño, xa que o Consello de administración da entidade acordou a apertura¹⁹ de dúas novas oficinas: unha no Porto e outra en Viana do Castelo, que áñda non se produciu.

Como resumo da expansión das caixas, vese que as catro están nunha etapa de crecemento. Delas, dúas teñen presencia en Portugal (as de Galicia e Vigo), outra vaina ter en breve (a de Pontevedra) e dúas delas (as de Vigo e Pontevedra) danlle unha grande importancia a esa presencia posto que constitúe —fóra de Madrid e da operación co Deutsche Bank— a súa primeira saída de Galicia con oficinas.

A estratexia das caixas de aforro galegas sería de tipo gradualista, dentro da perspectiva evolucionista da internacionalización da empresa (Nelson e Winter, 1982). O tratamento con bancos correspondentes dá paso á apertura de oficinas de representación, e estas a oficinas operativas, nun proceso progresivo de inserción na contorna.

ADAPTACIÓN DAS ENTIDADES FINANCIERAS PORTUGUESAS E ESTRATEXIA CON RESPECTO A GALICIA

A banca portuguesa e o conxunto do sistema financeiro portugués seguiron un proceso de modernización moi semellante ó descrito para as entidades financeiras galegas e españolas. Pero hai un factor adicional no caso portugués que retardou esta evolución, que foi a nacionalización da banca pouco despois da revolución do 25 de abril (1974). Pasaron varios anos ata que se lles permitiu de novo a apertura de oficinas ás entidades estranxeiras, que comezan en 1983, e ata que se permite o exercicio da banca polo sector privado, sexa a través da posterior privatización dos bancos antes nacionalizados ou da creación de novas entidades financeiras.

A consecuencia foi que nos últimos dez anos a banca viviu en Portugal unha conversión acelerada. Para Rui Vilar (1995), presidente da Caixa Geral de Depósitos, o ingreso na Comunidade Europea —co que supón de harmonización na lexislación bancaria e de libre entrada á banca comunitaria— e as privatizacions e constitución de grupos financeiros son os principais fenómenos que lles aconteceron ás entidades de crédito²⁰. As privatizacions conduciron a manter tan só como propiedade do Estado o grupo capitaneado pola Caixa Geral de Depósitos. A constitución de grupos financeiros conduciu á concentración da banca, de xeito que os tres maiores grupos controlan os 2/3 do mercado e os cinco primeiros o 80% (Tavarés, 1995).

Un dos maiores perigos manifestados por políticos e economistas é, coma no caso español, a entrada de entidades financeiras doutros países que se fagan coa propiedade da banca, eleven o grao de competitividade ou acadan cotas de merca-

¹⁹ Recollémo-lo acordo na memoria do exercicio 94, publicada o ano seguinte.

²⁰ Sobre a evolución do sistema financeiro portugués, poden consultarse os traballos de Costa (1995), Espírito Santo (1992), Marques (1995) e Morgado (1995).

do significativas. Neste liña, xa comentámo-la importante presencia de entidades españolas en Portugal e o caso do Banco Totta & Açores. Á parte da preocupación por conserva-lo mercado nacional, as maiores entidades asumiron que unha vía de gañar en dimensión era a entrada noutros mercados, "...acompanhando as nossas empresas no mercado estrangeiro..." e "...em mercados em que podam ganhar vantagens competitivas especiais"²¹. A seguir presentarémos os maiores grupos bancarios portugueses e a estratexia seguida con respecto a nós. Recollemos no cadro 6 as entidades que superaban a barreira do billón de escudos de activo líquido o 31/12/94.

Cadro 6.- Magnitudes das principais entidades financeiras portuguesas (o 31/12/94, en millores de escudos)

Nome	Activo líquido	Créditos	Depósitos	Persoal	Oficinas
Caixa Geral de Depósitos	5.063.465	1.914.598	3.654.330	9.717	514
B. Português do Atlántico (1)	2.707.287	807.730	1.387.901	5.147	359
B. Totta & Açores (2)	2.247.543	696.789	1.281.648	4.310	268
B. Espírito Santo	2.176.286	806.497	1.387.265	5.714	340
B. Comercial Português	2.117.389	570.387	1.011.424	4.382	324
B. Pinto & Sotto Mayor (2)	1.475.439	386.889	1.090.678	5.455	248
B. Nacional Ultramarino (3)	1.046.754	427.123	698.568	3.741	182
Total principais entidades	16.834.163	5.610.013	10.511.814	38.466	2.235
Total banca en Portugal	26.798.985	9.822.170	15.967.551	64.002	3.885

(1): O Banco Português do Atlántico pertence ó grupo do Banco Comercial Português; (2): O Banco Totta & Açores pertence ó mesmo grupo que o Banco Pinto & Sotto Mayor; (3): O Banco Nacional Ultramarino pertence ó grupo Caixa Geral de Depósitos.

FONTE: *Exame*, (agosto, 1995).

GRUPO CAIXA GERAL DE DEPÓSITOS (CGD)

A CGD supón o maior grupo bancario portugués. Posúe varios bancos filiais²² e diferentes entidades de financiamento especializado. A propiedade da CGD é do Estado portugués, aínda que no seu funcionamento actúa como un banco privado, do mesmo xeito ca o facía Argentaria en España. Como podemos apreciar no cadro 6, a CGD é tamén a primeira entidade financeira tomada sen o grupo.

A estratexia seguida con respecto ós mercados galego e español foi a de presencia, a través da creación e compra de bancos filiais. Baseada no tamaño da Caixa, e apoíándose nos lugares do Estado nos que a relación económica con Portugal é máis forte, a CGD estendeuse mediante tres operacións: A creación do Banco Luso Español, a compra do Banco de Extremadura e a compra do Banco Simeón. Como o Banco de Extremadura é unha entidade localizada exclusivamente nesa Comunidade Autónoma, centrarémonos nas outras dúas operacións, posto que nos afectan máis directamente.

²¹ Recollido da obra xa citada de Carlos Tavares, que é presidente do Banco Nacional Ultramarino.

²² O Banco Nacional Ultramarino en Portugal, e os bancos Luso Español, Extremadura e Simeón en España.

O Banco Luso Español

O Banco Luso Español é unha entidade fundada pola CGD, coa sede social en Madrid. A intención era a de converte-lo banco no filial da CGD máis ligado ás operacións nos mercados financeiros, aínda que ó tempo vai ampliando a rede de sucursais selectivamente, sen renunciar a facer banca universal. Proba do anterior foi a creación de dúas sociedades dependentes en Madrid: Lusogest, sociedade xestora de institucións de investimento colectivo, e Lusopensiones, sociedade xestora de fondos de pensións. Ademais en 1994 creou tamén en Madrid unha sala de mercados, que traballa, ademais da actividade tradicional, nos mercados de divisas e derivados²³.

Se a sede central está en Madrid, máis interesante para nós é localiza-las 39 sucursais do banco²⁴, nas que realiza banca universal con empresas e familias. A distribución é a seguinte (cadro 7).

Como se pode apreciar, Galicia é o principal mercado polo que apostou o banco coa súa rede de oficinas, superior á que mantén en Madrid, sede do propio banco, ou en Barcelona.

Vexamos agora en qué lugares de Galicia puxeron a súa atención os xestores do Luso Español (cadro 8).

Cadro 7.- Banco Luso Español. Número de oficinas por CC.AA.

Galicia	15
Madrid	9
Cataluña	6
Levante	4
Andalucía	3
País Vasco	2
Total	39

FONTE: Elaboración propia a partir das memorias da entidade.

Cadro 8.- Banco Luso Español. Oficinas en Galicia

O Carballiño	O Porriño
A Coruña	Redondela
A Guarda	Ribadavia
Lalín	Santiago
Lugo	Tui
Ourense	Verín
Ponteareas	Vigo
Pontevedra	

FONTE: Elaboración propia a partir das memorias da entidade.

²³ A memoria do banco do exercicio 94 recolle a importancia da actuación desta sala no mercado do escudo, actuando en coordinación coas salas da CGD en Lisboa e París.

²⁴ Número de sucursais o 31/12/94.

Do anterior podemos apreciar como no norte de Galicia (provincias da Coruña e Lugo), hai tan só tres oficinas: as da Coruña, Santiago e Lugo, capitais de provincia ou da Comunidade Autónoma.

Pola contra, no sur de Galicia están as doce restantes. Catro na provincia de Ourense (Ourense, O Carballiño, Ribadavia e Verín), situadas na capital e en tres cabeceiras de comarca, e oito na provincia de Pontevedra, especialmente concetradas na área de influencia de Vigo. Sabemos, ademais, que a sucursal de Vigo é a de maior importancia da rede do banco, sen ter en conta a oficina central en Madrid.

No que toca ós clientes do banco en Galicia, son tanto galegos como portugueses, sexan familias ou empresas, seguindo o modelo de banca universal da CGD. Así, traballan como un banco máis, aproveitando a vantaxe de trata-las necesidades dos clientes do grupo CGD nas súas relacóns económicas en Galicia.

Finalmente, debemos salientar que en setembro de 1996, a CGD reordenou a súa estructura en España, traspasando as oficinas galegas do Banco Luso Español ó Banco Simeón, facendo ó banco vigués responsable da actividade da CGD no noroeste do Estado español. Este traspaso e o peche dunha oficina en Cataluña foron as únicas modificacións na rede ata o ano 98.

O Banco Simeón

A compra do Banco Simeón pola Caixa Geral de Depósitos supuxo a operación más importante das realizadas pola banca portuguesa en Galicia. O Simeón era propiedade de Argentaria, que quería vende-lo banco filial. A posibilidade de compra foi estudiada por diferentes entidades financeiras galegas (IDEGA, 1996).

Así, o Banco Pastor, que rexeitou a operación, Caixa Galicia e Caixa Ourense, sumándose esta última a unha oferta de compra da anterior.

A primeira oferta da CGD era para compra-lo 85,5% do capital do Simeón, que era a parte controlada por Argentaria. Ofrecía 17.000 millóns de pesetas. Pouco despois, Caixa Galicia ofrecía a mesma cantidade polo banco. A partir dese momento abriuse un debate económico e político sobre cál das dúas ofertas debía ser la gañadora. O debate político viña motivado pola importancia estratégica da operación e do sector financeiro, así como polo control público da xestión de Argentaria.

En marzo de 1995, a CGD ofreceu 20.172 millóns de pesetas polo 100% do Simeón; Caixa Galicia non mellorou a oferta e realizouse a venda ese mesmo ano.

A posesión do Banco Simeón suponlle á Caixa Geral novas posibilidades de actuación. Destacamos como máis importantes as seguintes:

- Aumenta-lo liderado en dimensión dentro da "Eurorrexión" Galicia-Norte de Portugal, onde os seus activos duplican, aproximadamente, ós de Caixa Galicia.

- Lidera-la intermediación de operacións financeiras entre os dous países, posto que é a primeira entidade portuguesa e, ó tempo, acada unha extensa rede de oficinas en Galicia, xa que se suman as 46 oficinas que o Simeón ten en Galicia ás 15 oficinas do Banco Luso Español, tamén filial da Caixa Geral de Depósitos.
- Mercar un banco en funcionamento con tradición de facer banca no mercado español, o que beneficia ó conxunto do grupo Caixa Geral, e súmase ós filiais Banco Luso Español e Banco de Extremadura.
- Apoiar coa oferta dos seus servicios a instalación e a actividade das empresas portuguesas no mercado español.
- Poñer a disposición dos usuarios portugueses e do conxunto do grupo os tres escritorios de representación que o Banco Simeón ten en Suíza, México e Venezuela (Vilar, 1995), creados no seu día para capta-lo diñeiro da emigración galega en América e Suíza.

Para avalia-la presencia da CGD ofrecémo-la distribución da rede de sucursais do Banco Simeón por Comunidades Autónomas, tal e como fixemos co Banco Luso Español (adro 9)²⁵.

Como podemos apreciar, a rede de sucursais do Simeón está concentrada en Galicia e nas dúas comunidades autónomas limítrofes, agás a oficina de Madrid. Hai que sumarllas ás sucursais as dúas oficinas de administración de terreos en Vigo e en Barcelona e as oficinas de representación en México, Venezuela e Suíza.

Para coñece-lo efecto dentro de Galicia, repartímo-la rede por provincias no adro 10, o que nos permite confirma-la maior presencia do banco no sur de Galicia e preferentemente na área de influencia de Vigo, na que está situada a sede social. Non é casual que este reparto de oficinas do Banco Simeón se asemelle tanto ó reparto de oficinas do Banco Luso Español, visto no adro 8. Dado que as oficinas xa estaban en funcionamento cando se produciu a compra por parte da CGD —responsable da apertura de sucursais do seu filial Luso Español—, os razoamentos que se achegan para explica-la expansión deste banco son os mesmos que xustifican a compra do Simeón.

Cadro 9.- Banco Simeón. Número de oficinas por CC.AA.

Galicia	45
Castela-León	8
Asturias	4
Madrid	1
Total	58

FONTE: Elaboración propia a partir das memorias da entidade.

²⁵ Ós cadros 9 e 10 temos que engadirlle-lo traspaso da rede galega do Banco Luso Español, vista no apartado anterior.

Cadro 10.- Banco Simeón. Oficinas en Galicia

A Coruña	7
Lugo	6
Ourense	8
Vigo-Pontevedra	24
Total	45

FONTE: Elaboración propia a partir das memorias da entidade.

GRUPO BANCO COMERCIAL PORTUGUÉS / BANCO PORTUGUÉS DO ATLÁNTICO (BCP/BPA)

O grupo BCP/BPA é o maior grupo financeiro privado de Portugal e o segundo en conxunto, despois da CGD. Foi o resultado da compra de algo máis do 50% do capital do BPA por parte do BCP. O BPA é a segunda entidade financeira portuguesa e o BCP a quinta, por volume de activo líquido, como se recolle no cadro 6. Para entender esta operación, na que o banco de menor dimensión toma o control do maior, faise necesario comentar minimamente as características dos dous bancos.

O BCP é un banco moderno fundado no ano 1985. Baseado na venda cruzada "cross selling" , e participado no capital por un grupo de importantes empresarios do norte de Portugal, acadou un importante éxito en tan só dez anos (Jardim, 1995). O banco español máis parecido ó BCP é o Banco Popular xa que comparten as direccións dos dous bancos unha certa filosofía profesional. Ademais, son socios en Francia e foron aliados na Península, como comentamos ó tratar do Banco Popular e do Banco Central Hispano.

O BPA é, pola contra, un banco xa establecido e de maior dimensión que emprega un modo de facer banca tradicional. A entrada do BCP no seu capital sería unha operación semellante á hipótese de que o Banco Gallego tomara o control do Banco Pastor.

Dado que o propósito da dirección do BCP é que os dous bancos sigan tendo diferentes clientes e denominación social e que a operación de compra foi recente, veremos por separado a expansión de cada un na Península.

O BCP sempre tivo presente o mercado e a banca española, apostando pola alianza estratégica sen compra ou creación de bancos filiais en España. Como xa vimos anteriormente o seu primeiro aliado foi o Banco Popular, e está actualmente ligado ó Banco Central Hispano. Polo tanto, tódalas operacións en España dos clientes do BCP se canalizan nas oficinas do BCH e viceversa, tendo cada un deles unha oficina aberta no outro Estado (a do BCP está en Madrid, centralizando as operacións) . A alianza está selada pola participación de cada entidade no capital da outra. Ademais, comparte co Banco Central Hispano o 50% da propiedade do Banco Banif Banqueros Personales, especializado en familias con renda e patrimonio medio-alto e alto.

O BPA, pola contra, limita en España a súa presencia a tres sucursais, localizadas en Vigo, Madrid e Barcelona. A inclusión de Vigo remarca unha vez máis a importancia que a cidade ten para as relacións económicas portuguesas. A oficina de Vigo está especializada nas relacións empresariais e nas operacións de importación e exportación Galicia - Portugal.

GRUPO CHAMPALIMAUD

O grupo financeiro Champalimaud toma o nome de António Champalimaud, principal propietario dos bancos e entidades que o compoñen. É o terceiro en importancia e o segundo entre as institucións privadas. As dúas principais entidades que o forman son o Banco Totta e Açores (BTA) e o Banco Pinto & Sotto Mayor (BPSM), terceiro e sexto por volume de activo líquido das entidades financeiras portuguesas, segundo se recolle no cadro 6. O BTA pertence dende hai pouco ó grupo porque, como xa explicamos ó tratar Banesto, foi vendido por este no ano 94.

No tocante ó BPSM, mantén actualmente unha alianza estratéxica co Banco Popular Español, e dispón dunha oficina en Madrid para canalizar esa relación en España, tal e como o Banco Popular a mantén en Lisboa.

GRUPO BANCO ESPÍRITO SANTO

O grupo Banco Espírito Santo e Comercial de Lisboa (BES) é o cuarto en importancia no sistema financeiro portugués. Ademais do banco do mesmo nome, mantén un grupo financeiro diversificado, como as anteriores entidades analizadas. O Banco Espírito Santo tamén participa no mercado español. Coa denominación social "Banco Espírito Santo S.A."²⁶, abriu 17 oficinas, distribuídas do xeito seguinte (cadro 11).

Cadro 11.- Banco Espírito Santo a 31/12/97

CC.AA.	Lugar	Oficinas
Andalucía	Córdoba, Granada, Málaga, Sevilla	4
Castela-León	Burgos, León, Salamanca, Valladolid	4
Galicia	A Coruña, Santiago, Vigo, Pontevedra	4
Asturias	Xixón, Oviedo	2
Cantabria	Santander	1
Castela-A Mancha	Albacete	1
Estremadura	Badaxoz	1
Madrid	Madrid	2
Cataluña	Barcelona	1
TOTAL		20

FONTE: Elaboración propia a partir das memorias da entidad.

²⁶ A denominación do banco filial do Espírito Santo en España era a de Banco Industrial del Mediterráneo, cambiando pola actual en 1993. Resulta irónico o nome anterior da ficha bancaria da entidade na medida en que se aprecia a localización das sucursais.

No cadro pódese apreciar que:

- Das vinte oficinas, catorce foron abertas nas catro comunidades autónomas que lindan con Portugal: Galicia, Castela-León, Estremadura e Andalucía.
- Os lugares escollidos son todos cidades capitais de provincia ou de comunidade autónoma (Santiago), agás dúas (Vigo e Xixón).
- Galicia, cunha superficie moi inferior a Castela-León ou a Andalucía, concentra xunto con estas comunidades o maior número de sucursais²⁷.

O servizo do Banco Espírito Santo en Galicia está centrado preferentemente nas familias de nivel económico medio-alto e na atención ós clientes portugueses do banco que acoden a Galicia por compras, turismo, etc... Especialmente no caso de Vigo, tamén se lles presta unha especial atención ás contas de ciudadáns portugueses, xa que por diferentes motivos (prudencia, diversificación, fiscais, comodidade no comercio e no consumo...) Vigo é un lugar no que tradicionalmente os sectores económicos portugueses da clase alta manteñen elevados saldos. A presencia de oficinas en Vigo invita ós clientes destes bancos en Portugal a mante-las contas na mesma entidade, o que elimina unha parte das causas que motivan o traslado de diñeiro a outras entidades.

Convén tamén citar que as contas de galegos son relativamente frecuentes en bancos portugueses, así como a propiedade doutros activos financeiros e non-financieros.

CONCLUSIÓNS

Como resultado do traballo realizado, cremos que se poden tirar as seguintes conclusións:

- 1) A liberalización e a harmonización dos sistemas financeiros internos na Comunidade Europea e a liberdade de circulación de persoas, bens, servicios e capitais provocan a integración deses sistemas e a participación das entidades financeiras en novos mercados.
- 2) A prestación de bens e servicios, o turismo e o consumo aumentaron constante mente entre España e Portugal dende a entrada na Comunidade Europea.
- 3) No caso de Galicia a relación económica con Portugal ten moita maior relevancia ca no resto do Estado e parece manifestarse de modo moi superior nas comarcas máis próximas a Portugal, así como nas comarcas portuguesas máis próximas a Galicia. O punto de máxima relación é a área de influencia de Vigo.

²⁷ Fontes do banco confirmaron a apertura de novas oficinas localizadas en Vigo, Vilagarcía, Xinzo e Verín, todas elas no sur de Galicia.

- 4) A gran banca española reaccionou á nova situación entrando no sistema financeiro portugués, ben mediante a compra de bancos portugueses, ben mediante a creación de bancos filiais, participacións minoritarias de capital ou alianzas estratégicas.
- 5) Os bancos e caixas de aforros galegos actúan de modo dispar con respecto ó novo mercado. As entidades do norte de Galicia parecen preferi-los bancos correspondentes, agás a presencia dunha oficina de representación de Caixa Galicia no Porto, presencia discreta tendo en conta a expansión desta caixa. Pola contra, nos bancos e caixas con sede social na área de influencia de Vigo a importancia que se lle dá ó sur do Miño é maior, sexa pola dependencia directa do Simeón ou polas intencións públicas das caixas de Vigo e Pontevedra. ¿Cal é a causa dessa diferencia? Ó noso entender, poden se-las seguintes:
- A presencia das sedes centrais na Coruña e da maior rede de oficinas no norte de Galicia, onde as relacións comerciais co sur do Miño son inferiores ás do sur de Galicia, agás a elevada subcontratación realizada en Portugal polo grupo Inditex.
 - A emigración galega en Portugal²⁸ procede na súa maior parte das comarcas do sur de Pontevedra e Ourense.
 - A posible participación nunha visión do desenvolvemento económico de Galicia que pasaría por prima-la expansión sobre o eixo cantábrico cara a Irún e ó centro da Unión Europea, que sobre o eixo atlántico cara a Lisboa.
 - A posible visión "estatal" do territorio, acompañada pola diminución de riscos que supón un ordenamento xurídico español homoxéneo, unha mesma entidade supervisora (Banco de España), etc... A dimensión non é un problema, posto que o Banco Pastor e Caixa Galicia²⁹ teñen capacidade financeira para cubrir todo o territorio do Estado coa rede de sucursais.
 - A apertura e mantemento de escritorios fóra de España nos lugares onde se supón que o capital dos emigrantes é moi elevado, de xeito que as oficinas no exterior terían como finalidade básica capta-lo aforro emigrante.
- 6) A banca portuguesa tampouco non renuncia á expansión, aproveitando a actividade económica dos seus nacionais para aumenta-la rede de oficinas. Os principais grupos financeiros escollerón a compra ou a creación de bancos filiais —Caixa Geral de Depósitos, Banco Espírito Santo—, a apertura de sucursais —Banco Português do Atlántico—, ou os acordos estratégicos —Banco Comercial Português, Banco Pinto & Sotto Mayor—.

²⁸ A concuntura económica internacional a partir da crise do petróleo (1973), así como o impacto económico da revolución (1974) e da asimilación dos "retornados" de Angola deixaron de facer atractivo Portugal como destino dos emigrantes.

²⁹ En recentes declaracions (*Galicia Internacional*, xuño 1996, pax. 45), José Luis Méndez, director xeral de Caixa Galicia, afirma que a entidade está a estuda-lo xeito de penetración en Portugal, aínda que o cando "é segredo de sumario".

- 7) A presencia da rede de oficinas da banca portuguesa concéntrase especialmente en Galicia —bancos Simeón, Luso Español e Espírito Santo—, en Extremadura —pola compra do Banco de Extremadura— e en Madrid, onde algúns dos bancos centralizan as operacións no Estado.
- 8) Dentro de Galicia a presencia está concentrada no sur e moi especialmente na área de influencia de Vigo. En Europa tan só se rexistra unha presencia semellante da banca portuguesa en París ou Madrid, fóra do propio Portugal.
- 9) Os servicios ofrecidos en Galicia por estas entidades manteñen a filosofía dos bancos matriz. En todo caso prestan servicio a galegos e portugueses, o que beneficia ás empresas galegas, que teñen unha maior seguridade nas operacións de importación e exportación, aínda que prexudica ás entidades financeiras xa establecidas posto que os beneficios da proximidade dunhas entidades ás outras (por exemplo, a realización de créditos sindicados) non compensan o aumento da competencia entre elas.
- 10) En resumo, cremos que o intercambio de servicios bancarios resulta claramente beneficioso para a actividade económica galega e portuguesa, sendo a área de Vigo a principal beneficiaria da oferta destes servicios. A existencia estable da demanda que atrae as entidades financeiras e as facilidades para o seu establecimiento en Galicia benefician o desenvolvemento do conxunto dos servicios ás familias e ás empresas. A apertura definitiva de oficinas de entidades de crédito galegas en Portugal e a implantación da moeda única completarán en boa medida o marco financeiro necesario para un óptimo intercambio económico entre os dous países.

BIBLIOGRAFÍA

- BANCO DE ESPAÑA (1996): *Boletín Estadístico*. Madrid.
- BANCO DE GALICIA: *Memorias*. [Anos 1994 e 1995].
- BANCO DE PORTUGAL (1995): *Relatório do Conselho de Administração. Gerência de 1994*. Lisboa.
- BANCO DE PORTUGAL (1996): *Boletim Estatístico*. Lisboa.
- BANCO ESPÍRITO SANTO: *Memorias*. [Anos 1994 e 1995].
- BANCO GALLEGO: *Memorias*. [Anos 1994 e 1995].
- BANCO LUSO ESPAÑOL: *Memorias*. [Anos 1994 e 1995].
- BANCO PASTOR: *Memorias*. [Anos 1994 e 1995].
- BANCO PORTUGUÊS DO ATLÂNTICO: *Memorias*. [Anos 1994 e 1995].
- BANCO SIMEÓN: *Memorias*. [Anos 1994 e 1995].
- BERGES, A.; ONTIVEROS, E.; VALERO, F.J. (1990): *Internacionalización de la banca. El caso español*. Madrid: Espasa Calpe.
- CAIXAVIGO: *Memorias*. [Anos 1994 e 1995].
- CAIXA GALICIA: *Memorias*. [Anos 1994 e 1995].
- CAIXA GERAL DE DEPÓSITOS: *Memorias*. [Anos 1994 e 1995].

- CAIXA OURENSE: *Memorias*. [Anos 1994 e 1995].
- CAIXA PONTEVEDRA: *Memorias*. [Anos 1994 e 1995].
- CASTAÑÓN, L.; MARTÍNEZ COBAS, F.X.; ROJO, J. (1995): *Sistema financeiro galego e desenvolvimento económico*. [Informe do IDEGA]. Santiago de Compostela.
- CASTELLÓ MUÑOZ, E. (1996): *Dirección y organización de entidades financieras*. Madrid: ESIC.
- CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE CAJAS DE AHORROS: *Anuarios*.
- COSTA, J. (1995): "O sistema financeiro e a modernización do tecido económico", *O Economista*, núm. 8.
- CUERVO, A.; RODRÍGUEZ SÁIZ, L.; PAREJO, J.A.; CALVO, A. (1995): *Manual de sistema financiero español*. 8^a ed. Barcelona: Ariel.
- DURÁN, J.J.; LAMOTHE P. (1991): "El proceso de internacionalización de la banca española", *Información Comercial Española*, (abril).
- ESPÍRITO SANTO, R. (1992): "A competitividade dos bancos portugueses", *Cuadernos de Economía*, (marzo).
- Exame*, (xuño, 1995).
- Exame*, (agosto, 1995).
- Galicia Internacional*, (xuño, 1996).
- GOUX, J.F. (1993): *Economie Monétaire et Financière*. París: Economica.
- GOUX J.F. (1994): "Territoires Bancaires", en B. Boureille e B. Guesnier [ed.]: *Dynamique des Activités et Evolution des Territoires*. Poitiers: ADICUEER.
- IDEGA (1996): *A economía galega, informe 1994-1995*. Fundación Caixa Galicia.
- JARDIM, J. (1995): "BCP: Estratégia de Desenvolvimento e Concentração", *Cuadernos de Economía*, (abril-xuño).
- MARQUES, W. (1995): "Evolução do Sistema Financeiro", *O Economista*, núm. 8.
- MARTÍN, E.; VALERO, F.J. (1995): "La deslocalización del ahorro en España", *El papel del ahorro e inversión en el desarrollo económico*. Vitoria-Gasteiz: Federación de Cajas de Ahorros Vasco-Navarras.
- MORGADO, M. (1995): "Novos Rumos da Organización e Gestão Bancárias", *O Economista*, núm. 8.
- NELSON, R.R.; WINTER, S.G. (1982): *An Evolutionary Theory of Economic Change*. Cambridge, MA: Belknap Press.
- PAREJO, J.A.; CALVO, A.; PAÚL, J. (1993): *El sistema financiero en los países de la Comunidad Europea*. Madrid: AC.
- TAVARES, C. (1995): "A Dimensão do Sistema Bancário Português", *Cuadernos de Economía*, (abril-xuño).
- THORAVAL, P.Y.; VIMAL, G. DE (1984): "Un Essai d'Analyse des Implantations de Guichets Bancaires en France", *Bulletin Trimestriel de la Banque de France*, núm. 51.
- TONNEL-MARTINACHE, M. (1985): "La Délocalisation de l'Activité Financière Bancaire", *Revue d'Economie Politique*, núm. 3.
- TONNEL-MARTINACHE, M. (1987): "Degré de Développement des Systèmes Financiers et Redéploiement Géographique des Banques", *Revue Economique*, núm. 1.
- VILAR, R. (1995): "Estratégias Empresariais na Banca", *Cuadernos de Economía*, (outubro-diciembre).
- VV.AA. (1996): *Proxección económica de Vigo sobre o Norte de Portugal*. Fundación Pro Vigo.